

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO (XUNTA PROVINCIAL DA CORUÑA), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PRIMEIRO IMPACTO E ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE FERROL (XERENCIA XESTION INTEGRADA DE FERROL)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa Asociación Española contra o cancro (Xunta Provincial da Coruña) o instrumento convencional arriba referido con vixencia dun ano ao contar dende o día seguinte ao da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a actuación do voluntario da Asociación nos hospitais cos pacientes oncolóxicos pertencentes ao Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol co fin de promover unha maior calidade de vida para os enfermos de cancro e as súas familias, así como facilitar o Programa denominado “Primeiro Impacto” e as actividades de voluntariado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

No propósito de instrumentar unha acción coordinada en todos os campos de actuación en materia oncolóxica a través de programas de colaboración con entidades e Asociacións de ámbito sanitario e da incorporación dunha liña de actuación estratéxica da promoción do voluntariado a través da implantación do código amable. Por outra banda, é de interese para a “EOXI de Ferrol” contar coa aecc por ter como fin primordial o de loitar contra o cancro en todas as posibles modalidades coñecidas ou que no futuro se coñezan mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, prevención, investigación, información e de carácter sanitario ou asistencial.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 2 de novembro de 2017.